



13 de maio de 2008

Curso 2007/08 nº 26

Correo:boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

Contido:

Axudas económicas para alumnado de FP 2

Ensinanzas de réxime especial de técnicos deportivos 2

Premios de fin de carreira 2

Axudas para asociacións con fins pedagóxicos 2

Bolsas para alumnado universitario con dificultades 2

Xornadas. Como aproveitar as oportunidades 3

17 de maio. Día de Internet 3

XI Congreso internacional EDUTEC 3

Programa ConCiencia 3

Premios a proxectos de innovación en normalización lingüística

Resolución conxunta do 7 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as

bases e se convocan premios a proxectos de innovación en normalización lingüística de centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para

desenvolver no curso académico 2008-2009.

[Máis información](#)

Día das Letras Galegas 2008

Na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística http://www.xunta.es/linguagalega/letras_galegas pódese descargar a unidade didáctica, realizada polo Seminario Galán,

para centros de educación infantil e primaria, así como as exposicións de primaria e secundaria, realizadas polo IES Armando Cotarelo Valledor sobre a figura de Álvarez Blázquez.

Ademais, pódense baixar, dende este enderezo, as dúas exposicións finalistas no concurso de secundaria, realizadas polo IES de Beade-Vigo e o IES Félix Muriel de Rianxo.

Permisos e licenzas do persoal docente

Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente que imparte as ensi-

nanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[Ligazón ao DOG](#)

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Orde do 25 de abril de 2008 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non-universitarios de titularidade

da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2008-2009.

[Máis información](#)

Premios extraordinarios de bacharelato

Na orde do 25 de abril de 2008 convócanse un máximo de 20 premios. Poderá optar ao premio extraordinario de bacharelato o alumnado que cursase en centros docentes

españóis, tanto de carácter público como privado, os dous cursos de calquera modalidade de bacharelato e que finalizase estes estudos na Comunidade Autónoma de

Galicia no ano académico 2007-2008. Prazo aberto ata o 5 de xuño.

[Máis información](#)

Letras Galegas 2008

[Ligazón aos materiais da Secretaría Xeral de Política Lingüística](#)

[Ligazón a materiais elaborados polos centros educativos](#)

Instrumentos musicais



Axudas económicas para alumnado de FP

Orde do 30 de abril de 2008 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño e programas de garantía social.

[Máis información](#)

Ensinanzas de réxime especial de técnicos deportivos

Orde do 17 de abril de 2008 pola que se establecen os requisitos mínimos dos espazos e instalacións con que deben contar os centros para impartir ensinanzas de réxime espe-

cial de técnicos deportivos nas especialidades de atletismo, balonmán e baloncesto na Comunidade Autónoma de Galicia.

[Máis información](#)

Premios fin de carreira

Orde do 5 de maio de 2008 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que remate os seus estudos universitarios

no ano 2008 nas universidades do sistema universitario de Galicia.

[Máis información](#)



Axudas para asociacións e fundacións con fins pedagóxicos

Orde do 30 de abril de 2008 pola que se convocan axudas económicas dirixidas ás asociacións e fundacións con fins pedagóxicos e sen ánimo de lucro, legalmente constituídas,

para a realización de actividades organizadas co alumnado e coas familias da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2008, e se aproban as súas bases reguladoras.

[Máis información](#)



Bolsas para alumnado universitario con dificultades para continuar estudos

Orde do 26 de abril de 2008 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas para o curso 2008-2009 destinadas ao alumnado universitario galego, descendente

de galegos ou con residencia familiar en Galicia que, por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos.

[Máis información](#)

Xornadas: Como aproveitar as oportunidades que Europa nos ofrece?



Seminario dirixido ao persoal ao servizo das administracións públicas, e tamén a representantes de pequenas e medianas empresas galegas e a asociacións cuxa función principal sexa a de representar a cidadanía. Tamén está aberto

a un amplo público proveniente do nivel local e rexional de Galicia. O seminario será de grande interese para todas aquelas asociacións, organizacións e cidadáns interesados en coñecer ou ampliar os seus coñecementos sobre as oportu-

nidades que nos ofrece Europa.

A Coruña, 22 e 23 de maio.

[Máis información](#)

17 de maio. Día de Internet

O día de Internet é un proxecto en rede co obxectivo de dar a coñecer as posibilidades que ofrecen as TIC e promover o acceso xeneralizado a internet. Para a súa celebración organizanse en toda España congresos, xornadas, seminarios, actividades, cursos, xogos en rede etc, dos que se informa na súa páxina

web. Asemade, nesta ocasión as universidades invitan os alumnos de secundaria e bacharelato a [visitar de xeito virtual](#) dende os seus centros educativos as instalacións e talleres dos que dispoñen e preguntar aos profesores e alumnos universitarios que participarán no evento.

<http://diadeinternet.org>



XI Congreso internacional EDUTECH

Organizado polo Departamento de Didáctica e Organización Escolar da USC e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) terá lugar en Santiago os días 3, 4 e 5 de setembro. Esta edición centrarse nas posibilidades das TIC para promover o traballo en

rede e construír unha sociedade do coñecemento participativa e inclusiva.

[Máis información](#)



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

ConCiencia. Programa de divulgación científica

Este programa, creado pola USC hai 3 anos e apoiado pola Fundación Caixa Galicia, invita a Galicia a líderes mundiais da ciencia para impartir conferencias e establecer contactos con científicos e responsables da investigación galegos.

en oncoxenes que revolucionaron o estudo do cancro, que impartirá unha conferencia divulgativa aberta a todo o público, "Por que é importante a ciencia", o próximo xoves 22 de maio no centro sociocultural da Fundación Caixa Galicia, en Santiago de Compostela

Máis información en <http://www.usc.es/conciencia>



Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

O liberespazo: [acceso](#)

Unidade de muller e ciencia: [acceso](#)

Webs temáticos



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación](#)

[Primaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)